

Texto e ilustracións: **DANIELA KULOT**

Tradución: **FE GONZÁLEZ**

Encadernado en cartone


32 páxinas a toda cor. 24x31 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Leopoldo e Casilda"  
ISBN 978-84-8464-618-1 / 84-8464-618-1

-Castelán: "Leopoldo y Casilda"  
ISBN 978-84-935122-1-7 / 84-935122-1-4

Prezo: 15 €



## LEOPOLDO E CASILDA

**Leopoldo ten unha mamá que sempre senta con el á noite e lle conta contos maravillosos...**

**...Casilda ten un papá que lle ata un laciño no pelo todas as mañás.**

Daniela Kulot cóntanos a historia dunha dobre amizade: a dos pequenos Leopoldo e Casilda, e a dos seus respectivos nai e pai. Leopoldo conta coa axuda da súa nai para escribirlle a Casilda unha carta na que a invita a unha festa na súa casa. E a Casilda, o seu pai axúdalle a ler a invitación que recibe. Pequenos e adultos gozan da compañía mutua e constrúen pouco a pouco os alicerces dunha nova familia.

- **Temática:** a amizade entre dous cativos, extensible á unión entre a nai e o pai de cada un deles
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos
- **Aspectos destacables:** os personaxes son animais, a riqueza cromática das ilustracións, as relacións de familia, introducción a novos conceptos de familia, como o de familias monoparentais

Os libros desta autora e ilustradora alemana teñen unha grande aceptación entre o público infantil. Tratan aspectos cotiás da vida, sintense atraídos pola riqueza cromática de cada páxina e captan con inmediatez a mensaxe que subxace en cada historia. Tamén conta o feito de que os personaxes das súas obras soen ser animais de diversas especies, polos que os pequenos lectores senten moita simpatía.

"Leopoldo e Casilda" é a terceira obra que FAKTORÍA K DE LIBROS edita desta autora, despois de "Que lería de cordóns" e "Co dedo no nariz", ámbolos dous dispoñibles en galego e castelán.

### DANIELA KULOT (Schongau, Bavaria, 1966)

Os pinceis e os lápices forman parte da vida desta autora e ilustradora dende que era moi nova. En 1988 iniciou os seus estudos de educación artística e alemán na Universidade de Augsburg, aos que seguiu formación en deseño gráfico e ilustración. A partir de 1993 comezou a traballar como pintora, ilustradora e deseñadora 'free-lance'. Completou a súa preparación na Escola de Belas Artes de Munich.

Empezou a visitar feiras internacionais de literatura infantil, como a de Bolonia (Italia), e a súa primeira oportunidade chegou a través da editorial alemana Thienemann. Títulos como "Co dedo no nariz", publicado por FAKTORÍA K, foi un dos seus grandes éxitos de vendas e traducíuse a máis dunha ducia de idiomas.

En 1999 comezou a dar clases de debuxo na Escola profesional de Augsburg. A súa obra tamén se expuxo na Bienal Internacional de Bratislava (1997), no museo da cidade de Günzburg (2001), e na feira de arte de Nagama, en Xapón (2002), entre outras mostras.